









XX. 969

PB 513

CB 1030 2331

1578057

ANTRE DOUS SÉCULOS

*OBRAS DE*  
*GERARDO ALVAREZ LIMESES*

---

*Márgaritas.*—*Colección de poesías, Hijos M. G. Hernández-Madrid, 1892.*

*Versos morales.*—*Fábulas, cuentos, poesías sueltas-1.<sup>a</sup> edición-Andrés Landín-Pontevedra, 1898.*

*Antre douz séculos.*—*Julio Antúnez - Pontevedra, 1934.*

*EN PREPARACIÓN*

*Geografía de la Provincia de Pontevedra.*  
—(en prensa) *Alberto Martín-Barcelona.*

*Tras las Huellas del Hidalgo.*—*Versos Casellanos.*

GERARDO ALVAREZ LIMESES

ANTRE DOUS

SÉCULOS

(VERSONS GALLEGOS)

Prólogo de Castelao



PONTEVEDRA

1 9 3 4

**ES PROPIEDAD  
DEL AUTOR**

---

---

*Imprenta de JULIO GANTÚNEZ, Oliva, 6.—Pontevedra*

# PROLOGO



0 0 0 1 0 0 0



## PRÓLOGO

**D**on Xerardo Alvarez Limeses, meu vello e querido amigo, pídemte un «prólogo» par'on libro de poesías galegas, e cando él mo pide debe ser porque coida que son capás de facelo.

Eu fago moitas cousas para ir derramando a vida. Sería quén de facer unha gastroenterostomía, que non-o considero máis dificultoso que facer unha mesa de noite. Seria quén de facer un proieito de carreteira, que considero más doado que podar unha viña. Seria quén de deprender cálculo infinitesimal, que o teño por más cómodo que picar pedra oito horas diárias. Se a vida fose más longa!...

Somentes hai unha cousa que non sería quén de facer: versos. I-eso que cando escribo persiguenme as consoantes. E ademáis confeso que a poesía fuxe ó meu coñecimento... Non-a pudo apreixar, e algunha ves cóllolle teima, como lla teño á música, que é un arte sen corpo. Eu (perdoen que fale de mí; pero son o home con quén fago as miñas esperencias) gusto da música popular e da poesía com'o cego de nacemento que gusta de mergullarse na i-auga e que tolea por saber como é.

Os poetas non me parecen homes coma nós, e os bós versos non me parecen obras humáns. ¿Haberá musas? Non-o sei, mais os bós versos son creados pol-o Autor das frores e das cristaiizacións. E o poeta, que as xentes inxeles chaman tolo con moita razón, é o home escollido, o que leva unha estrela na frente e no bico un cantar... ¡Si será tolo!

O artista verdadeiro non é o creador das súas obras boas. Non é mais que o pai d'elas, e ten ben poucos motivos para sentirse un deus, pois o primeiro sorprendido diante d'unha obra de arte é o mesmo autor, com'o pai que queda pasmado diante da termosura d'un fillo acabadiño de nacer.

Pero as artes teñen unha téinica cada vez más dificultosa, e cando un artista manexa a ferramenta do seu oficio co-a mesma inconscencia con que move a lingoa, xa ten o espírito fandado e morto para concebir. Velahi porque a téinica—que nada ten que ver co espírito—apodérase do Arte e faino tan impopular como a Cencia. Estes aristócratas do arte estruchan a cachola coma quén estrucha un tubo de pintura, e son creadores das súas obras porque non precisan que o dedo de Deus lle chiske na testa... Tamén os que comprenden estas obras poden enfoncharse, porque son poucos e forman unha caste de sabios...

En troques a téinica para facer versos de-  
préndese n'un dia e veleiquí porque todos po-  
diamos ser poetas si fósemos poetas.

Nada do devandito é novo; pero eu son un  
home de barro que non pretende ser orixinal.  
Un home do pobo que ama o Arte sinxelo, que  
se regala con cántigas aldeáns, que cría o pasmo  
diante dos cadros que pintan os artistas que  
ainda non saben pintar, que adora as esculturas  
labradas por canteiros, que tolea cos dibuxos  
dos nenos...; un home que agarda un retorno do  
Arte ó espírito do pobo, para tomar pulo e reno-  
varse, porque certamente o instinto popular é  
a única reserva con que conta o Arte para non  
morrer de Cencia e para que volva a cumplir a  
súa función social.

A Poesía é un arte sen téinica e da súa sin-  
xeleza provén a súa virtude. Un arte que poucos  
poden facer; pero do que podemos gozar moitos.  
Eu non nascin para poeta nin podo compren-  
del-a esencia da Poesía, cicais pra que o seu  
misterio abale mellor o meu corazón. Tamén o  
arco da vella era más fermoso cando era un  
misterio.

Eu agardo que tod'o Arte chegue a ser Poe-  
sía. ¿Qué son optimista de máis? Ouh, eu espero  
que a i-auga doce dos rios faga doce tod'a i-auga  
salgada do mar; que a morte, enchéndose de  
vidas, sexa vida; que a nada, enchéndose de

soños, chegue a ser todo... ¡Ai, quén me dera  
poder decir estas cousas en verso!

N'estas condicións, ¿podo «prologar» un libro  
de versos?. ¡Pero si eu non son máis que un hu-  
morista embebido de melancónia, incapaz de  
xusgar con ponderación!

\* \* \*

Ningún idioma alleo—por ilustre que sexa—  
poderá eispresar en nome do noso os íntimos  
sentimentos, as fondas doores e as perdurables  
espranzas do pobo galego; se ainda somos di-  
ferentes e capaces de eisistir, non é máis que  
por obra e gracia do idioma. Velahi porque o  
autor d'un libro galego sempre será un patriota  
e porque os que refugan a nosa fala non son  
dinos de chamarse galegos, porque desprecian  
o cerne da nosa democracia e cegan as mello-  
res fontes de creación. ¿Cómo chamariamos a  
un home que consentise o derrumbamento do  
Pórtico da Groria? Pois é certamente máis bár-  
baro quén deixa morrer un idioma: obra de  
arte insuperable, feita con amor, con doer e  
con ledicia polos nosos antergos, que recebi-  
mos en herdo e que temos obriga de enriquecer  
co espírito do noso tempo.

Don Xerardo Alvarez Limeses é un patriota  
de dous séculos. Do século en que a Patria era

unha i-alma en pena, a saloucar nas tebras, e  
do século en que a i-alma de Galiza reencarnou  
n'un corpo san e incorruptible que reclama  
garantias par'a súa eisistencia.

O poeta sinte a fermosura da Terra—esta Terra maceirada de tanto parir, que nos dou a vida, que nos mantén e que nos recollerá na morte como semiente de novas criaturas—. O poeta sinte os doores da Raza—esta Raza atristurada de tanto agardar pol-o trunfo da nosa civilización de pas—. O poeta ten saudades de vello e ledicias de mozo; pero sempre corazón de artista. O poeta alvistou a choiva e a néboa dend'as fiéstras da súa casa de Bayón: aldea garrimosa e ridente onde rebuldei de neno no tempo das cereixas... Ali o poeta deitou a i-alma no seo morno da Natureza para recibir o zume creador de lirismos; pero algunas veces a vida dos escravos do fisco enchérono de caraxes. Porque o poeta tamén é home e sinte a malventura dos nosos labregos.

Si vale o consello d'un amador das letras gallegas, eu digovos que leades este libro,nidio como a i-auga, fermoso como unha fror.

### Castelao

o. a. 100. 200. 300. 400. 500. 600. 700. 800.  
900. 1000. 1100. 1200. 1300. 1400. 1500. 1600.  
1700. 1800. 1900. 2000. 2100. 2200. 2300. 2400.  
2500. 2600. 2700. 2800. 2900. 3000. 3100. 3200.  
3300. 3400. 3500. 3600. 3700. 3800. 3900. 4000.  
4100. 4200. 4300. 4400. 4500. 4600. 4700. 4800.  
4900. 5000. 5100. 5200. 5300. 5400. 5500. 5600.  
5700. 5800. 5900. 6000. 6100. 6200. 6300. 6400.  
6500. 6600. 6700. 6800. 6900. 7000. 7100. 7200.  
7300. 7400. 7500. 7600. 7700. 7800. 7900. 8000.  
8100. 8200. 8300. 8400. 8500. 8600. 8700. 8800.  
8900. 9000. 9100. 9200. 9300. 9400. 9500. 9600.  
9700. 9800. 9900. 10000. 10100. 10200. 10300. 10400.  
10500. 10600. 10700. 10800. 10900. 11000. 11100. 11200.  
11300. 11400. 11500. 11600. 11700. 11800. 11900. 12000.  
12100. 12200. 12300. 12400. 12500. 12600. 12700. 12800.  
12900. 13000. 13100. 13200. 13300. 13400. 13500. 13600.  
13700. 13800. 13900. 14000. 14100. 14200. 14300. 14400.  
14500. 14600. 14700. 14800. 14900. 15000. 15100. 15200.  
15300. 15400. 15500. 15600. 15700. 15800. 15900. 16000.  
16100. 16200. 16300. 16400. 16500. 16600. 16700. 16800.  
16900. 17000. 17100. 17200. 17300. 17400. 17500. 17600.  
17700. 17800. 17900. 18000. 18100. 18200. 18300. 18400.  
18500. 18600. 18700. 18800. 18900. 19000. 19100. 19200.  
19300. 19400. 19500. 19600. 19700. 19800. 19900. 20000.

— 11 —

*CANTO A GALIZA*

BRITISH LIBRARY

# *Canto a Galiza*

*En 4 tempos*

*Tempo I*

*¡Terriña das saudades!*

T erríña das saudades! ¡Patria miña!  
hastra o curruncho alleo,  
onde as mágoas me aturan da morriña,  
chega nas aas do vento, do teu seo  
—lonxe como unha estrela—  
a lembranza ditosa,  
treme a celta gaitña  
e sal bulindo d'ela  
unha cantiga meiga e garimosa;  
ôs trinos do punteiro  
brinca meu curazón como un mocíño  
risoño e ruadeiro;  
o nome do meu niño  
rube hastr'os beizos, e na lonxanía  
ollo remanecer a imaxe pura  
que, no abrente do día,  
e coroando o monte aló na outura,  
érguese no Lobeira  
ô debruzarse após da miña leira.

*Vexo a Mariña brava*

Vexo a Mariña brava  
e o mar que se estrelaba  
toupando nos petoutos feramente,  
e, de cote, mansiña  
íá bicar a praia,  
onde a fera corrente  
xa cansa de bulir, dôce, mainiña,  
nas areas esmaia...

E tamén ollo a serra,  
vixiador da Terra,  
na que zoan os ventos que da medo.

D'un tras outro penedo,  
brinco co pensamento cara ás veigas,  
cara ós prados, muiños, fondonadas,  
e n'as campías meigas  
pousan as miñas aas esmalleadas...

¡Quén te viú, miña xoia,  
quén nas augas do Arnoya,  
do Lérez, do Landrove  
mirouse nos espellos,  
quén foi, robe que robe,  
pol-a costa costiña do Castrove,  
pol-os camiños vellos

de Pedre e da Curota;  
quén pisou de Betanzos os Caneiros  
de Monterrey o Val, e da Carnota  
as fontes e regatos;  
quén d'os fondos buratos  
rubiu a Compostela  
e viu alí brilar como unha estrela  
ô Sefior Sant-Iago;  
quén ô Ribeiro foi botar un trago,  
e quén nas Rías Baixas foi cinguido  
con follas de loureiro,  
pode xurar que endexamais ouvido  
haberá o mundo enteiro  
falar de terrra algunha,  
mais dina dos afagos da fortuna.

*Tempo III*

*Choiva miudiña e morna*

Choiva miudiña e morna,  
aer tépedo e manso,  
orelas, nas que a dorna  
sécase ô sol das augas n'un remanso;  
raioliñas da lúa,  
folerpíñas da neve  
¡hastra o corisco do marzal que brúa  
e o arco da vella que nos regos bebe,

non vos hai unha terra de mais xeito,  
nin rapaza mais teura e garimosa,  
nin mozo de mais peito,  
nin pai de mais proveito,  
nir nai mais dôce, porque ¡nai a nosa!...

Ela os campos traballa,  
labra nos eidos e nas eiras malla,  
coce o pan, ferve o pote, coida o gando,  
e cando a escura noite vai chegando,  
ela o meniño arrola,  
que o colo seu é berce, lar, escola.

• • • • •

Outras veces te lembro e te ademiro  
bicada das mareias pol-as ondas  
e escoito resoar, cal un suspiro,  
nas encanadas fondas  
o céltico alalá. Relembro os mares  
sereos, entreverse baixo o Ceo,  
e oio dos mariñeiros os alares  
sobor do barco pol-a pesca cheo.

¡Ouh recordos benditos  
que calmades a sede dos proscritos  
nas almas magoadas, ledos pondo  
unha pinga de mel e de ledicia!  
¡Cál chegades de abondo  
pra os que morren de amores por Galicia!...

¡Qué meiga és tí! Envolta pol-o orballo,  
durmes sono de paz perto ó carballo  
e ós mansos ameneiros;  
e nas noites de calmas  
estrelas e luceiros  
dan paz ós peitos e sosego ás almas.

Dos trunfos os loureiros,  
após das túas loitas contra os pobos  
que te tiñan escrava,  
brilan na túa testa  
e os fillos d'isa raza dura e brava,  
cordeiríños na paz, na guerra lobos,  
cinguen as frentes ¡porque así lles presta!...

Ti és, miña Terra, tal como eu che digo:  
bicada pol-o mar na Cruña e Vigo;  
no Ourense e Lugo, pol-o Miño lento;  
nos vals froridos, pol-o sol amigo;  
nas serras agredosas, pol-o vento;  
por mil fillos cal eu, que te bendigo  
e te bico tamen co pensamento!...

*Tempo IV*

*¡Terra dos meus amores!*

¡Terra dos meus amores,  
que gardas antre xestas e antre frores  
a chouza onde choutei de pequeníño,

¡meu ben, meu lar, meu niño!...  
É tanto o que eu te queiro  
que pra ser antre todos o primeiro,  
sen envexar ós reises no seu trono,  
me abonda ser o dono,  
no teu adro mais probe, de un palleiro!

¿Terá meu mal consolo?  
¿Arroupareime un día no teu colo?  
¿Lograrei sen temores,  
miña terra querida,  
no teu risoñío chan espallar frores?  
¿Podrei, ó fin da vida,  
durmir nas túas eíras como un santo?  
¡Ai!, o deseio e tanto  
que no monte, no val, no mar, no leito,  
atarázame o peito,  
adourada naiciña  
cos salaios firentes da morriña.

É o degoro tán fondo,  
que pra xa non morrer tefio de abondo  
con soñiar que está perto! ¡Que a lembranza  
da terra benquerida  
ó mergullar o curazón de espranza,  
no peito acouga a perdamá da vida!

**ANTRE DOUS SÉCULOS**

**1897-1934.**

201022 ZUO DING XIA

# *A n t o n i ñ o*

(Tuy)

**P**robe, parbo, sin lar nin mais abrigo  
Qu'a caridade dó seu pobo amante  
A vida enteira pasará, Dios diante,  
Sin mais trabalho qu'o d'infrar o embrigo.

D'a sua venturanza eu fun testigo,  
E non vin venturanza semellante.  
¡Pra coidarse feliz elle o bastante  
Ter chea a faltriqueira de pan trigo!

Alegre mostra enton co-a risa os dentes  
E vota vivas, brinca e rebuldea  
Cal políteco novo ante a tallada.

Qu'e Anton--o mesmo que outras moitas xentes--  
É un bo suxeto, co-a barriga chea,  
Valdeira a chola, a voluntá furada...

("Galicia Moderna" -1897)

## *Triadas célticas*

O río chorando vai,  
as frores bican a terra  
¿qué foi do meu a-ia-ia?

Di ti, herbiña dos amores:  
¿por qué prendes no inverno  
e no vran botal-as frores?

Costa que vas ó meu lar:  
¡qué boa estás de rubir,  
que mala estás de baixar!...

¡Ai, o alalá, miña santa,  
cántase cando se chora,  
chórase cando se canta!

Terra fría non da millo.  
Moza que non teña côr  
n'ha de casar co meu fillo.

¿Coitas tes? Pois non che pese,  
qu'eu non vin o arco da vella  
reloucir, sin que chovese.

## *A morte do poeta*

**N**o pazo da aldea,  
faternas e mágoas levando no peito,  
o poeta viu o sol de Outono  
palpexar no ceo.

¡Cantas veces seus ollos, xa cansos,  
a pecharse prestos,  
axexaron os alpes, as gándaras  
e os longos vieiros,  
para ollar si chegaba un amigo  
dos lonxanos tempos!

Xa morreu; deleixado, esquecido,  
cansino, senlleiro...

O poeta a cotio i-o martir  
adoito, e o mesmo.

¡Soio a vida doando o amorado  
conquieren seu reino!...

## *Terra de Ourense...*

**T**erra de Ourense, tan mimosía!  
Terra sabrosa como a fariña,  
terra criadeira, terra de gran,  
que das o viño po-las ribeiras,  
e co as mazorcas cheas as eiras  
e co as apertas cheas a man!...

De Montealegre hastra Ervedelo  
a verde crôa do teu cabelo,  
de ouro e loureiro cínguete a sen,  
e aló, no fondo, te aperta o Miño,  
cobra de prata, branco camiño  
que bica a Melias e olla a Toén.

Terriña meiga, chea de encantos,  
que ten os bispos sabios e santos;  
os nenos, anxos; os homes bós;  
onde as rapazas son, como as frores,  
arcas douradas, sonos de amores,  
azó dos homes, groria de Dios.

Terra, terriña...! xa vexo as rúas  
onde aledeime... xa estou nas túas  
costas, que un tempo tolo rubín;  
xa ollo os remates da túa Eirexa;  
e xa a ningures lle teñío envexa.  
¡Latexa a vida dentro de mí...!

Eu vin as terras de Salamanca,  
as terras outas, que a lúa branca  
fai, sen orelas, clarexear;  
vin os Madriles, corrin Castilla  
e pol-as feiras fun a Sevilla  
e ollei a Cádiz e a Xibraltar.

Crucei a Hespaña e ó derradeiro,  
dende un lindeiro pra outro lindeiro,  
cousa ningunha vin d-istas tres:  
ponte que brile como o teu ponte,  
fonte que ferva cal a túa fonte,  
cristo que impoña como o que tés...

# M a d r i g a l

O niño alleo

**E**u sei de un paxariño  
que chiaba no niño  
acarón da solaina de Sabela,  
que garimosa o ouvía dende ela.

O páxaro bulía  
e arriscado quería  
voar e aboligarse,  
mais sen depocatarse  
de que inda non podía.

Ó cabo certo día  
quixo voar e axiña ¡malpocado!  
caiu no chan o páxaro coitado.

Miña nena abrigouno  
e no seo posouno.  
E topouse tán ben n-aquel abrigo,  
brando como o pan trigo,  
redondo como un ovo,  
que o paxariño novo,  
ó ceibalo dempois o meu encanto,  
non sentiu a ledicia  
de voar pol-o ár, e como un santo  
a Sabela voltou cheo de ardicia.  
¡O derradeiro niño  
aquecíalle mais ó paxariño!...

# i V o l v e !

(Música de Cordal)

Volve, miña pequena;  
ven de contado,  
que o lar está sen lume,  
sen herba o gando

Fórone as anduriñas,  
os cans ouvean,  
e secaron as fontes  
da nosa aldea.

Volve, encantiño  
dos meus amores,  
que unha mágoa me leva  
si ti non volves.

Dende que nos deixache  
non soa a gaita  
nin hai quen faga os puntos  
da riveirana.

Na casa do petrucio  
visten de loito;  
que o rapaz mais garrido  
volveuse tolo.

Volve, encantiño  
dos meus amores,  
que unha mágoa me leva  
si ti non volves.

# I n t r o i t o

*A alborada de Rosalía*

N a paz de Lestrove a rula durmía,  
durmindo choraba, durmindo surría  
e ás veces creaba.

¡Qué era moita rula nosa Rosalía!...

Pol-a mafán cedo cando sespertaba  
a gaitiña ouvía  
que perto pasaba;  
ô ouvila tremaba,  
e a triste decía:

Teño que facerlle ô mozo gaiteiro  
unha canzonciña, pra que no punteiro  
da gaita encantada  
soe miña lira pol-o derradeiro;  
vaia miña i-alma pol-o mundo enteiro.  
Teño que facerlle a miña alborada,  
a ise pequeñiño páxaro parleiro!

Dixo a Nosa Meiga; e foi a cantiga,  
crara como a lúa fresca como a espiga  
da auga pol-o agosto,  
dôce como o mosto  
ou como a mistura que fan as abellas,  
mansa como o paso das vacas bermellas.

Ouvila vosoutros, mozos bulidores,  
rapazas garridas frescas como as frores,  
vellos que sabedes das mortas memorias,  
vellas que contades enxebres hestorias.

Ouvir a alborada repinicadora  
conque ela espertaba ó romper o día  
e os máxicos versos cos que rindo chora:  
¡Qué era moita rula nosa Rosalía!

Din así as cantigas da meiga, meiguña,  
que foi o mais grande galego cantor.  
Din así as estrofas: escoitade axiña,  
e adicaille un dôce recordo de amor.

# *Na morte de Lamas Carvajal*

(Anaco)

**P**oeta: falareiche na fala garimosa  
pol-a que, morto, aboias, como aboia o bourel;  
n-esta faliña meiga, que é recendo de rosa  
e folerpa de neve, e pingota de mel.

N-esta faliña fala, que foi na lira túa  
como arrolo de pomba, tremar de reisefiol;  
que brila nos teus versos, e ten craror de lúa,  
e rebolir de estrelas, e refolxir de sol.

A fala amorosiña que te meceu de neno  
co'a música mais dôce do mais dôce cantar,  
fala na que as hestorias ouviche de pequeno  
de trasgos e de meigas ô derredor do lar.

N-esa fala diviña de galanuras chea,  
na que rimou cantigas teu xenio trunfador;  
fala que de por sempre será «A musa da aldea»  
e foi pra o teu espirito «Espiña, folla e fror...»

Na que os aados numes cecais que che falaron  
cando na luz da groria quixéronte inframar,  
e na que os anxeliños tamén, che colocaron  
as aas dos poetas, as aas pra voar...

Fala na que garulan nenos e paxariños,  
a que murmura leda das follas no runxir,  
e durme misteirosa nas pedras dos muiños  
e vai pol-os regatos, xa cansa de surrir.

E conta estranos contos na copa d-un piñeiro,  
e antre as canas do millo debulla unha canzón,  
e di cousas de risa da gaita no punteiro,  
e di cousas de pena da gaita no roncón...

# *-i Vaite anduriña!*

*Balada galega*

**A**nduriña, ¡ai! anduriña,  
a das cintiñas de seda,  
que volves facer o niño  
da camariña nas tellas!

A meniña que chas puxo  
levounas tamén co ela:  
as túas brilan no ár,  
as súas cómeas a terra.

Anduriña, anduriña,  
vaite e non volvas,  
porque me pós a i-alma,  
como ti, moura...

**Ó** remanecer, outrora,  
batendo as ás pol-as veigas,  
miña nena aturuxaba  
avantando a Primaveira;

alumeábanlle os ollos,  
tremábanlle as mans de cera  
e contábame amorciños  
aquela boquiña meiga.

Anduriña, anduriña,  
vaite e non volvas,  
porque me pós a i-alma,  
como ti, moura.

Hoxe, cando fas o niño  
na camariña valeira,  
meus ollos se enchen de bágoas,  
o meu pensamento brema,  
e danme as túas cintiñas  
tánto noxo e tánta pena  
que cando vés fuxiría,  
se eiquí non ficase ela...

Anduriña, anduriña,  
vaite e non volvas,  
porque me pós a i-alma,  
como ti, moura!

## O r a z o n

R aíña dos Anxos, do outo Ceo dina!  
¡Virxe milagreira!, ¡Santa Pelegrina!  
¡Ensoño, aloumiño da nosa Rexión,  
que antre nós quixeches erguerte n'un trono,  
coa mesma duzura, co mesmo abandono  
conque a Pilarica se ergue no Aragón!

Xa que eiquí ficache, tenra e garimosa,  
como luz d' estrela, perfume de rosa,  
pomba e garnicela, mazoreca xentil,  
¡mírame ampeado n' iste corrunchiño;  
que traio, por verte, moi longo camiño,  
e sô miña ardicia dou término d'il!...

Veño a supricarche pol-os que padecen,  
pol-os que n'o inverno ximen e carecen,  
pol-os que perderon a meiga ilusión,  
pol-os tolleitiños, pol-os afamados,  
pol-os amarridos, pol-os acorados  
e pol-os que teñen irto o curazón.

Recolle os doores dos probes labregos,  
as anseas dos mozos, dos vellos os pregos,  
as bágoas e as coitas dos fillos sen pais,  
as mágoas firentes que hai nos lares nosos,  
a fel dos que proban froitos amargosos...  
e o surrir dos anxos, e os bicos das nais...

Xa foron os tempos nos que o noso pobo  
dende o vello, vello; hastra o novo, novo,  
viña cos ollifios, accesos de amor,  
dende os agros celtas e as mariñas bravas  
hastra Tí, Naiciña, que os accorabas,  
e que os acochabas do Trasno treidor.

Oxe os pelegrinos, xa cansos e poucos,  
che traien, somentes, penas e saloucos;  
mais cando chegamos perto ô teu altar,  
¡... inda temos ollos conque admirarte,  
inda nos abondan vidas queadicarte  
e as almas latexan para te adourar!...

# *i Non volverei!*

*No<sup>o</sup> aniversario da afillada*

**A** Purísima a trouxera  
e a Cruz de maio levouna.  
¡Eu, que a menei hastra a pía,  
acompañeina hastra a coba!...

Saímos pol-o Valado  
tras da ruliña xa morta  
na súa caixiña branca,  
coa súa branca coroa,  
que miña hirmá lle fixera  
de margaridas e rosas.

Cruzamos pol-o portelo,  
fumos pol-as corredoiras,  
atravesamos as leiras,  
e rubimos unha costa,  
monte arriba, monte arriba,  
cara a eirexa da parroquia.

Cando chegamos a outura  
rompeu a tocar a groria  
voltexando, voltexando  
a campaíña... ¡qué tola!...

¡Cómo soaba nos agros  
e nos camiños en ombra,  
nas carballeiras en fror,  
nas estreitas correddoiras!

Ó entrar no adro da eirexa,  
ollei a Nosa Señora,  
a nosa Nai dos Doores,  
que mirounos garimosa,  
e xurara que surriu  
ó ver a meniña morta.

Xa dempois finouse todo,  
e alí quedou n'unha coba  
cara ó ceo, frente ó val,  
perto da terra amorosa  
aqueila cariña meiga,  
aqueila miudiña boca,  
aqueles ollos de lúa,  
aqueil cabelo de mouras,  
aqueil corpiño de cera,  
aqueila língoa de groria...

¡Bayón, Bayón!, moitas veces  
á túa terra mimosa,  
fun buscando a saudiña  
pra tomar folgo nas loitas,  
pra descansar nos traballos,  
para anovar as memorias,  
para bulir n'as ledicias,  
pra consolarme n'as coitas...

¡Endexamais volverei...  
Que a miña nena está morta,  
e por non vivir sin ela  
miña hirmán seguiun-a á coba!

E din que os regos secaron,  
que non dá frutos a horta,  
que os cans ouvean nas veigas,  
e o miñato leva as pombas!...

# *i C h o v e !*

Zoa o vento que da medo,  
pol-o mar, dende moi cedo,  
o trebón se espalla e robe.

¡Todo calou no penedo!...

¡Chove!

Nos roibóns se alcende o trono,  
o orvallo solaga en prono  
os curutos do Castrove,  
o can non alcontra o dono...

¡Chove!

Muxe a vaca no Valado.

Ô ver o millo anegado,  
berra de delor o probe.

¡Perdeuse todo o logrado!...

¡Chove,

chove,

chove,

chove...!

## *Cousas de Dios*

Vai o regato mainiño  
que mesmo dá xenio velo;  
asuvía un merlo, alcende  
as mazarocas o sol.  
Teño no colo un meniño,  
que mesmo da groria telo;  
e a paz do día se estende,  
maina, tenra, doce, mol...  
¡Qué cousas da Dios!

Estaba o millo mouchado,  
tiña o meniño doente,  
non sabía dó meu home  
dende o día que marchou.

Corre a i-auga pol-o prado,  
se ergue o millo mesmamente;  
o neno surrí e xa come;  
carta antronte me chegou.

¡Qué cousas fai Dios!

O pedáneo ¡que aldraxante!  
O cobrador ¡que malino!  
¡O dono do Liboreiro  
cansou de rirse de nós!  
O pedáneo está cesante,  
o cobrador sen destino  
e din que o cabezaleiro  
afóbase co-a tós.  
¡Qué cousas ten Dios!

Vinde filliños decóte;  
deixade na corte o gando,  
botade a broa na artesa,  
comede do pan mellor.  
E mentras que ferve o pote  
e que a noite vai chegando,  
co-a i-alma de amor acesa  
démoslle un prego a El Señor.  
¡Qué todo o meresce Dios!...

## *i Canta, rula!*

Canta rula, canta rula,  
non te ceibes de cantar!  
Quero ouvir os teus arrolos,  
que son arrolos de nai.

Cando eu era pequechifío,  
onde aqueles tempos van!  
tamén a min me arrolaban  
co-ese teu dôce arrolar.  
Era a luz como de abrente,  
non tiña espeto o solán,  
bicaba ó pasar o vento  
pol-os regos de cristal  
e aqueles arrolos tifian  
tanto xeito, dozor tal,  
que no berce eu me durmía  
como xa non durmín mais.

A voz que a míñ me arrolaba  
acábase de apagar  
e inda resoa na i-alma  
cal tanguido de campáns,  
como queixume do vento  
que zoa no salgueiral,  
como murmúrio da fonte  
e como o teu arrolar.

Cando escoito os teus arrolos  
nos sei, rula, que me dá;  
si son mágoas que me aflixen,  
queixas que frotan no ár;  
unha voz é que me chama,  
un abur que alguén me dá.  
Semella o nacer da vida,  
e de contra é que se vai.

Canta rula, canta rula,  
non te ceibes de cantar.  
¡Quero ouvir os teus arrolos,  
que son arrolos de nai!...

## *¡Vintecinco de Xulio!*

Mañanciña de Xulio  
a de craro verdor,  
os carballos se enxoian  
con berníz de pintor,  
cacarezan os galos  
do mosteiro en redor;  
o ár conta contiños;  
nas robredas de amor,  
nos vieiros de olvido,  
nas eiras de coor.  
Corre a fontifía ledá,  
o toxo inda está en fror  
e a galifa se acocha  
no seu niño pra pôr.

Cingue a moza garrida  
o mantelo millor,  
as campáns repinican,  
asuvía o cantor  
do merlo pol-as veigas,  
estrala un voador.  
¡Mañanciña de festa!  
¡Sant-Iago o Maor!...

# *i Vela ei vai!*

*Traxedia*

disting o seu abrigo, nascido o dia de plantar  
e em árvore e caprichosamente a flor da primavera.  
entusiasmado, os filhos e pais, sozinhos ou em  
grande comitiva, em que a tal dia convocados se

V

A leiteira  
feiticeira,  
que outros anos vinha  
chegar paroleira  
perto de mim,  
oxe e nai,  
e vai  
a sachar o millo,  
cargada c'un fillo,  
queinda non ten pai...

## *D o n P e r f e c t o . . .*

**V**inde, mozos e mozas, vinde ver o gaiteiro  
mais xenial e mais meigo, que si turra no fol  
fai fulxir pol-os aires e bulir no punteiro  
os crarores da lúa e as ardencias do sol.

Que na gaita embruxada fai xemer paxariños  
e cantar carricantas e ruliñas rular,  
e tecer ós teares e moer ós muiños  
e ferver, jhastra as berzas nas cazolas do lar!

Fai correr os airiños nas carballeiras ledas  
e na veira dos montes os regatos surrir,  
e tumbar as mazorcas espalladas nas medas,  
estralar os foguetes e os carriños renxir.

Vinde, mozas e vellas, vinde ver o gaiteiro  
e axiolladas, ouvindo as cantigas que trai,  
alanzade ó seu paso o lustroso loureiro  
i-endozade os seus beizos con biquíños de nai...

*i S e ñ o r ! . . .*

C ómo chora o limoeiro,  
como o limoeiro chora!  
Ten cada folla unha polra,  
cada cidrón un colar.  
E as batuxa como bágoas  
que van caindo, caindo,  
dende as ponlas, que se abalan,  
hastra espallarse no chan.

¡Cómo chora o limoeiro!  
Mañán de brétema: xulio.  
As campáns de Paradela  
baten por un que morreu,  
as margaridas da horta  
fican ollando pra a terra,  
a veiga toda engruñada  
faciana de morte ten.

¡Señor, que o viño se tolle!  
¡Señor, que esmorece o millo!  
Señor, que os probes labregos  
non durmen co a desazón.  
¡Señor, que o inverno e moi longo  
e moi penoso o traballo!  
¡Señor, que enmocea as veigas  
a nai criadeira: o Sol!...

## No valado

N inquéen: resoan os pasos  
no zaguán; está valeiro  
o valado, caiu a parra  
por riba da fonte, o rego  
non leva pinga; no alpendre  
o carro ficou desfeito  
e ten, sobor de unha roda,  
postos en cruz dous fungueiros.

O rubir, a escala treme;  
ó entrar, fuxen como espectros  
dous mouchos; baten as contras  
das fiestras, e cân, desfeitos,  
os vidros... Sáltanse as bagoas  
pol-a xenreira do tempo;  
e por mirar si inda queda,  
de cando eu era pequeno,  
algunha cousiña cousa,  
boto pol-o pazo adentro.

Crébanse as aas da ilusión,  
sinto dôr, anguria, medo.  
¡Na camariña do lar  
aniñaron os morcegos!...

## O r b a l l o

**N**on se olla a lonxanía. Todo e perto e confuso;  
cada arbre asemella a espadana da torre,  
o alcipreste do h'orto ten o carís de un fuso,  
naz o día e paresce como que a tarde morre.

Pol-o fondo camiño oio as voces da xente  
que non sei se está queda, ou si ven ou si vai;  
o cabelo mollado estrúchase na frente;  
esperguízase un neno no colo da sua nai.

Chian os paxariños terecidos de medo;  
a aldea está tristeira na mañanciña mol.  
Voume deitar de novo, voume deitar, que é cedo,  
hastra que o orballo creben os espertos do sol!

## N a z ' o     d i a

T *urr, turr* fai a rula  
t *urr* na reboleira,  
e ô arrolo da rula  
o outeiro s'esperta.  
Maina,  
leda,  
vai chamando as follas, pra que se esperguicen  
a brisa da noite na mañán, que chega.

Creba a paz de hora  
un galo nas leiras,  
sai asuviando un macho estornino  
do niño antre as tellas,  
e no val lonxano  
fumega...

## *Como os bois*

P ol-os camiños da vida  
empedrados de door,  
entebrecidos cas ombras  
da primeira maldición;  
calmando a sede da terra  
co as folerpas do suor,  
a fame allea abracando  
co as fibras do curazón;  
ô carro do sufrimento  
cinguidos de dous en dous  
el e ela—almas xemelas  
que o mesmo fiudo apretou—  
rubindo van os labregos,  
¡coitadiños de El Señor!  
costa enriba, costa enriba.

¡Como os bois!...

# *i Moe, muíño!...*

O muíño moe, moe, moe;  
o muíño moe, inda que coroe  
a artesa a fariña, o piorno o gran;  
o muíño moe, porque a fame roe  
cando non hai pan.

O muíño canta, canta, canta.  
Aquil seu contíno batelar espanta;  
é como unha vos  
que soa no ermo, e que se adianta  
á xornada santa,  
a tod'as arelas que sentimos nós...

O muíño chora, chora, chora;  
pol-a vella, vella, que o neto acocora;  
por aquil cruceiro que no adro cai;  
por aquel meníño que ficou en bora  
cando no mar fondo se afundiu a nai.

O muíño fala, fala, cando xuntos  
homes e mulleres contan os asuntos,  
na hora de solpor,  
de cregos e frades, trasgos e defuntos;  
e as mans dos rapaces platican de amor.

O muiño chora, prega, canta, ri!  
Vello tcleirón  
ben sabe o que fai! ¡Ben sabe o que dí  
na liturxa anterga da sua orazón!

¡Ollou tantos tempos o vello muiño!  
Xa a roda rodaba, cando o pan e o viño  
inda n'eran carne, sangue de Xesús;  
cando seu camiño  
non escomenzara o martir da Crus.

¿O muiño ecelta? ¿O muiño e grego?...  
No outo do castro o primer labrego  
xa ofrendou a roda a Lin e Gaél;  
espallou a vida pol-o chan galego  
e ó chan apagado sempre foi fidel.

¡Moe, canta, crama, muiño! ¡Aturuxa!  
A lenda que gardas será a insina bruxa  
de un tempo baril.  
¡Cando as fouces brilen, cando o pobo ruxa  
moerás, muiño, xuncal e xentil!...

## R e n d i m e n t o

Cruceiros das aldeas,  
ergueitas orazons;  
deleixados nas corgas,  
enlevados nos cons,  
esquecidos nos pazos;  
senlleiros, no door  
da nosa esquencia; sempre,  
cando alumea o sol,  
cando se alcende a tarde,  
cando o día se pon,  
Hastra o trono de pedra  
onde se ergue El Señor,  
de perto ou dende lonxe,  
os ouvidos de Dios,  
leva unha volvoreta  
verbas de un corazón...

## X a n t a r

**H**ora de xantar: rechouchos  
de paxaros pol-o ár;  
runxir de follas; uns zocos  
moen pedras no zagúan.

Cacarexa unha galiña,  
muxe a pocha; lonxe un can  
ladra: asuvía un merlo  
aló, no regó do val...

Hora de xantar na aldea;  
pouco ruido, e pouco pan...!

## *Fai anos, no Valado*

**N**o outo da aldea  
érguese a Valado.  
¡Recordos que garda  
dos tempos pasados!...

Un día de Reises  
topei na solaina  
un año, que tiña  
no ventre unha caixa,  
na caixa melindres,  
e figos, e pasas...

Espallando millo con Manuel de Coto,  
sentado na eira,  
contábame o vello  
cousas da Estadea,  
mentras que alcendendo se ian pouco a pouco  
luceiros e estrelas.

Coto predicaba, e co aquiles ollos  
e as brancas guedellas,  
pra min era un sábeo, pra min era un bruxo,  
¡nin cregos, nin frades tiñan tantas letras!

—  
San Simón n'outono; enchente de chuivas;  
abrouxaba o vento,  
e inda había roscas, mel e pan de trigo.  
¡Santo milagreiro!...

—  
Pol-a costa de Vilanovaña,  
no outo de todo, viña a carrilana.  
Ningunha outra cousa tal feitizo tiña.  
—¡Mayoral, arrea! ¡corre ti, galana!...

—  
—¡Tía Amalia, tía Amalia!  
levou o raposo ô galo.  
—¿E Bocanegra, qué fixo?  
—¡Ten antre as pernas o rabo!...

## O arco da vella

**D**ende o piñeiredo de Vilanoviña  
o arco da vella ergueuse a beber,  
tanta sede tiña  
que fixo surrindo un vô de anduruña  
e foi de un esguello no río a caer.

Ó sentir da auga a caricia leda  
espallouse en néboa pol-a tarde mol  
e enchéndose de ela colgou na robleda  
seu pano de cores tinguido do sol.

Ó pasmo das xentes deulle preitesía;  
xa o frescor da auga non lle apetecía  
e como as gabanzas lle sentaban mal  
voltou pouco a pouco, con gran señoría,  
rubindo do río cara o piñeiral.

# N a d a l

*A solaina*

O vento nordesio  
pol-o Xiabre baixa  
e na campia erma  
debulha orlas de mantela branca.

Os espertos do sol golsan, nos xiros  
da ventisca, limallas;  
e poñen, un tras outro,  
arripios pol-as costas debouzadas.

Meia o día no ceo.  
Na terra, arripiada,  
cán sômas de solpór, nas que se atecen,  
mais que os corpos, as almas.

Chegan nas áas do angueiro,  
dende terras lonxanas  
areias, que nos fan pechar os ollos  
e firen a faciana.

Son as pingas da choiva  
agulladas, enfiadas  
na carne doentida; e non houbera  
azos contra a xiada  
sen o regalo morno,  
e agarimo solermo da solaina...

# *As edades da vida*

## *Abrente*

Sol neno baila na i-auga  
e brinca pol-os espellos;  
sácame a broa do formo,  
creba os ovos no poleiro.

## *Meridía*

Sol pai, pinta as mazarocas,  
enche os piornos de millo,  
volta a fariña de ouro,  
fai enmourecer o viño.

## *Solpor*

Solpor, bicame na testa,  
namentres que o carro renxe.  
Olla que a noite e moi longa.  
¡Aluméame, aluméame!...

## *A señora vaca*

**E** hí vén pol-as veigas  
a señora vaca,  
pasenío a paso,  
camiño da casa.

O manto amarelo  
a coroa branca,  
co xentil apouso  
de unha dona ranza  
saudando pra as veiras  
como aquil que manda.

Abrironlle a porta  
e formouse a garda.  
¡Falando cos ollos,  
que é como ela fala,  
entrou no cortello  
a señora vaca!...

## O sair a lúa

N unca eu vin unha noite  
como ista noite morna.  
As estrelas penduran  
do arco do ceo, e flotan.

O camiño de Sant-Iago  
ten craror de amadoira  
e sobor dil camiñan  
os dous carros ás toas.  
Semellan os luceiros  
pinguiñas lumiosas,  
vagalumes de xunio,  
que pol-o espazo voan...

¡Alto ehí, camiñante!  
Pon a ollada ven outa  
e verás os carriños  
como rodan.

Xa están sobor dos eidos,  
palpabrexando, as louras  
lumieiras da noite,  
onde as almas se atopan  
acouchadas, do éter  
nas revoltas.

¿Qué fan?—Xa o vés, agardan  
que por riba da costa,  
a carón do Castrove,  
na noite garimosa,  
saia a señora Lúa,  
a maestra de todas.  
Agardan... mais ô ollala  
fuxirán como tolas...

## C o n s e l l a

Era unha noite de lúa  
era unha noite crara,  
eu pasaba pol-o río  
de volta da muiñada».

Unha rapaza nova, moi noviña  
cantaba ista cantiga par da i-auga:  
—Lúa, miña señora, nai da noite,  
non fuxas hastra o bico da alborada.  
O pano se esmarella; xa carezo,  
e non se vai a sangue nin se acrara.  
Se non mandas a moza que me ceibe  
morrerei, miña dona, esmacelada.

Dende o outo do camiño  
volví contra o río a cara.  
A nena roiba seguía  
lavando o pano na i-auga...

## *Os carballos*

C arballos, carballos outos,  
abós dos nosos abós,  
feridos nos pés; as ponlas  
tortas de tempo e de dôr;  
berruguentos e cinguidos  
das hedras, sodes tan bos  
que inda lle doades landres  
óos cochos... ¡sen ser barróns!...

# *A-la-la de San Xoán*

(*Tradución de Xan Bautista Andrade*)

(*Homaxe*)

As herbas do campo  
non tiñan olor,  
aló cando era  
